

## ABRIL

naceu  
con anuncio de nevadas.

A pesar das horas  
e da luz baixo cero,  
envorcou  
as ervellas do colchón  
e decidiu airear  
o insoportable caderno  
da mala sorte na casa.

## ALBA

Ante a ausencia  
de paxaros  
na cidade,  
espértana  
o sabor da madeira  
e a raiola do reloxo.

Recolle silandeira  
roupa, corazón e voces  
deixando sobre as sabas  
nin pinga de remorsos.

A cada chanzo que baixa  
compón un cóctel de escusas  
baixo os ramos medievais,  
ao tempo que rompe os miolos  
tratando de recordar  
o nome daquela rúa.

## BÁRBARA

Esquécelo canda os tronos:  
imposible desfacer  
o nó da miña gorxa  
sen usares as tesoiras.

Sería mellor  
cortarmos polo san:  
    bile na neve  
    e infancia negra  
    para non seguir  
    tentando a corda.

## BRANCA e MARIÑA

eran fixas  
na chamada das gaivotas,  
na vitalidade do azul  
coa primeira suor de marzo,  
na sororidade antes da palabra,  
no enlatado de esconxuros  
contra o fillo do patrón.

Descontinuas  
nas frieiras,  
na preguiza de esconder  
os zapatos entre as sebes,  
no desexo abafado  
de poder arrincar  
como maghas  
o sistema.

FE

Miña irmá  
dende ben nova  
asasinou as ausencias  
con puntos de cruz.

Eran mareas moi longas  
para tan poucos tecidos  
e unhas bágoas enigma  
para o meu entendemento.

Deixaba escapar  
as águllas  
e corrían río abaixo  
todos os seus silencios  
coa mesma sensación  
de cando entrara  
a auga na casa.

Quedou sen estrear  
algún mantel incauto  
con pingas daqueles crimes  
pero algo menos de cor.

LUA

tardou en recoñecer  
a estrañeza das paredes  
en cada volta do hospital.

Non era por brotárenlle  
gadoupas no silencio  
senón dedas nas raíces  
e loureiro ñas palabras.

Comezou a sospeita  
cando amenceu o xardín  
sementado de abismos  
tras o ciclo da noite  
sen ouveos a invocala.

E revoáronlle  
tantas aves na cabeza  
que non atoparon sitio  
no cantil máis salvaxe  
desa súa cara oculta.

## SOL

Amencer no hospital,  
preludio da ausencia  
neste chan insolente  
tras dúas noites de delirio.

No teu clareaches toda a roupa,  
adobiaches lesmas e desvelos,  
mantiveches esperta  
a vixilia dos rancores  
e convocaches pantasma  
doutra vida de olíos murchos.

Mentres no meu  
fotosintetizaba aquel arcano  
que che permitiu cruzar o río  
con todo canto sabías  
de evolucións fonéticas  
e metáforas impuras  
sen precisares sequera  
o nome que me escolliches.

## URBANO

Na praza  
máis pequena e descarada  
algunha vida felina  
esculpiulle  
un monumento á soidade,  
vella gloria do lugar.

Nela conflúen as rúas  
onde os ronseis  
cheiran diferente  
cada mañá de inverno  
e a nostalxia de setembro  
sempre deixa algunha folla  
na que espallar as palabras  
que escaparon á lei seca.

Lucía Durán Paredes, *Cartografía dos nomes*.  
[Premio Filomena Dato 2021]